



ANEXO V: MODELO DE DOCUMENTO “PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022”

1.	Datos do centro
-----------	------------------------

Código	Denominación
15032571	CRA BOQUEIXÓN-VEDRA “Neira Vilas”

Enderezo		C.P.
Centro Sociocultural Camilo José Cela. Vilar s/n		15881
Localidade	Concello	Provincia
Lestedo	Boqueixón	A Coruña
Teléfono	Correo electrónico	
616440471	cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es	
Páxina web		
https://www.edu.xunta.gal/centros/cra.boqueixonvedra/		



Índice

Medidas de prevención básica.....	3
Medidas xerais de protección individual	6
Medidas de limpeza	8
Material de protección	9
Xestión dos abrochos.....	10
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.....	11
Medidas de carácter organizativo	11
Medidas en relación coas familias e ANPA	12
Medidas para o alumnado transportado	13
Medidas de uso do comedor	13
Medidas específicas para o uso doutros espazos	13
Medidas especiais para os recreos.....	15
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria	15
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres	16
Medidas específicas para alumnado de NEE	16
Previsións específicas para o profesorado	17
Medidas de carácter formativo e pedagóxico	9



Id. Medidas de prevención básica

2. Membros do equipo COVID			
Teléfono móbil de contacto (ou teléfono do centro con compromiso de desvío a un teléfono móbil)			616440471
Membro 1	Mª Elena García Iglesias	Cargo	Directora do CRA
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Coordinadora do Equipo • Nomear ao resto do Equipo • Interlocución coa administración • Comunicación activa con todos os membros da Comunidade Educativa • Substituír á secretaria do centro si falta. 		
Membro 2	Raquel García Fraga	Cargo	Secretaria
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Compra, inventario e reparto de material Covid-19. • Levar a contabilidade e facturación do material de xeito específico • Substituír á coordinadora Covid en caso de que falte. 		
Membro 3	Mónica López Portas Marta de Dios Recamán Eva Nieves Vieiro Cruz Martínez Fraga Mª Luz Balado Prieto Sonia Iglesias Sánchez Antonio Vázquez Turnes	Cargo	Mestres/as titores/as de cada escola
Suplentes	Sabela Sanmartín Castro Purificación Otero Rodríguez Andrea Regueira Laura Gómez González Eva Lema Rico	Cargo	Mestres/as de apoio e especialistas do centro
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Coidar e procurar que as medidas de prevención e protección que aparecen neste protocolo se cumpran e leven a cabo en cada unha das escolas • Aportación de ideas para a posible mellora e modificación do mesmo unha vez que o poñamos en práctica. • Garantir a difusión da información ás familias de cada escola. 		

3. Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe)	
<p>En cada unha das escolas contamos cunha habitación/espazo que dedicaremos a illamento. Contarán con xel hidroalcolóxico, papeleira de pedal, máscaras cirúrxicas para o alumno/a e o profesorado que o acompañe e panos desbotables:</p> <p>Camporrapado.- Aula de abaixo, ao lado da porta frontal Sergude.- No baño grande. Lestedo.- Baño da aula 2 San Xián.- Baño do piso de arriba. San Fins.- Baño da entrada. Sarandón.- Baño grande.</p>	



4. Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o número total)	
4º infantil	25
5º infantil	14
6º infantil	28
1º Primaria	10
2º Primaria	10

5. Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)	
E. Infantil	8 (6 titoras+2 apoios)
Ed. Primaria	1
Especialistas (a mestra de P.T está adscrita a outro centro e ven ao noso só 2 días á semana, polo que non está contabilizada)	5
Total	14

6. Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)	
---	--

Etapa	Infantil	Nivel	4º, 5º e 6º	Grupo	A, B, C
Aula	Camporrapado	Nº de alumnado asignado	10	Nº de profesorado asignado	Titor/a
Aula	Sergude	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado	Titora
Aula	Lestedo	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado	Titora
Etapa	Infantil e Primaria	Nivel	4º, 5º e 6º Infantil, 1 e 2º de Primaria	Grupos	D1, D2, E, F
Aula	San Xián 1	Nº de alumnado asignado	10	Nº de profesorado asignado	Titora
Aula	San Xián 2	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado	Titora
Aula	San Fins	Nº de alumnado asignado	11	Nº de profesorado asignado	Titora
Aula	Sarandón	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado	Titor
	Especialistas	Todas as escolas	7		7

Faranse subgrupos colaborativos de máximo cinco alumnos dentro de cada grupo estable, agás nas escolas de Camporrapado e San Xián 1 pois teñen só 10 alumno@s en aula. Axuntamos cadro explicativo de cada escola.



7.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolodas consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)
	<ol style="list-style-type: none"> 1. Todas as nosas escolas son grupos estables de convivencia. Polo que segundo o protocolo enviado pola Xunta, os seus membros poderán socializar e xogar entre sí sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita. Nas escolas unitarias, aulas unitarias de CRA, unidades e aulas de centros de educación especial e aulas de educación infantil cun número entre 5 e 10 alumnos poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable. No resto das escolas faremos subgrupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos) para mellorar a trazabilidade dos contactos. Sempre que sexa posible usarán a máscara o alumnado de infantil e o de 1º e 2º o fará de xeito obrigatorio levando unha máscara de repostro nun estoxo específico para gardala en caso necesario. (No caso de ter algunha dificultade para levar máscara deberá ser acreditado polo pediatra ou facultativo) 2. Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico (evitar tocarse ollos, nariz e boca; hixiene e lavado de mans; tusir na cara interna do cóbado e lavar as mans posteriormente ou empregar un pano desbotable que se tirará na papeleira de pedal despois do seu uso; manter a distancia social recomendada na medida do posible; uso axeitado da máscara) Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcolico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que os dispensadores non deberán ser alcanzables e accesibles sen supervisión faremos moito máis uso do lavado de mans con auga e xabón . 3. O uso dos recantos poderanse usar individualmente ou no seu defecto por subgrupos colaborativos coa correspondente hixiene de mans antes de despois de estar no mesmo. 4. Procurarase que o material do alumnado se empregue de xeito individual, e que teña cada un o seu espazo na aula para as súas cousas, evitando que os demais as utilicen na medida do posible. Cada alumno terá o seu propio estoxo co material de uso habitual: lápiz, goma, colores... 5. Ordenadores, tablets, levantamento de persianas, acendido e apagado de luces...será realizado só pola persoa titular. En caso de que fose realizado por outra persoa deberá ser posteriormente desinfectado. 6. A merenda realizarase de xeito individual en subgrupos colaborativos. De ser posible realizarase no patio exterior sempre que o tempo o permita. 7. No patio vixiarase que se manteñan as medidas de distanciamento e seguridade nos grupos estables e determinarnase as condicións de uso dos distintos materiais de xogo común que hai nos nosos patios das escolas. 8. Recoméndase que o profesorado utilice a máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante. Poremos tamén a disposición do profesorado pantallas de protección para o seu uso cando o consideren oportuno e guantes tamén para cando se considerase necesario. 9. O persoal docente e as familias na casa deberán realizar unha auto-enquisa diaria de síntomas, antes de vir á escola. Non hai que cubri-la nin mandala ao centro. Se houberse sintomatoloxía compatible, CUN SÓ INDICADOR POSITIVO, NON acudirán ao centro educativo, chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a algún dos membros do equipo COVID. (Anexo 1 Modelo enquisa). 10. Cando sexa necesario empregar material común, procurarase facelo nestes subgrupos colaborativos, previo lavado de mans e desinfección unha vez rematado o seu uso.



8.	Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)
-----------	---

Toda a Comunidade educativa, tanto alumnado como profesorado estará en contacto para comunicar calquera situación relativa a sintomatoloxía, información, dúbidas... empregando para tal efecto o teléfono xeral do Centro **616440471** ou o específico de cada escola.-

Camporrapado.- 649737678
Sergude.- 616440472
Lestedo.-616440474
San Xián.-690871859
San Fins.-Estamos
pendentes do Concello
Sarandón.-661180447

Empregarase tamén a Páxina web do Centro para manter informadas ás familias, o Abalarmóbil e o correo electrónico cra.boqueixon.vedra@edu.xunta.es

Sendo escolas pequenas do rural, funciona moi ben o Whatsapp, polo que o seguiremos a empregar para unha achega inmediata da información que fixese falta facerlles chegar ás familias de xeito inmediato.

9.	Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)
-----------	---

O rexistro de ausencias realizarase do mesmo xeito que ata o de agora, tal como está recollido nas NOF do centro, coa salvedade de que as ausencias derivadas da aplicación das medidas de seguridade para o COVID-19 consideraranse SEMPRE xustificadas., non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación, abondará co comprobante dos pais/nais ou titores legais.

10.	Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)
------------	--

No caso de detectarse sintomatoloxía compatible na casa do alumnado, **NON** acudirá ao centro e a súa familia contactará co centro educativo e co centro de saúde de referencia do alumnado.

Se fose algunha persoa do núcleo familiar positivo da Covid-19, o alumnado **NON** acudirá ao centro por ser considerado contacto estreito, a non ser que a Central de Seguimento de Contactos lle indique o contrario por ser as persoas conviventes co caso positivo, vacinadas coa pauta completa ou aquelas que fosen diagnosticadas da Covid nos últimos 6 meses .

A familia comunicará sempre o resultado ao coordinador do equipo COVID do centro (616440471). Igualmente sucedería co profesorado do centro e os movementos serían os mesmos.

O coordinador covid do centro porase en contacto coa Consellería de Educación que vai habilitar unha canle específica para notificar os casos e a identificación dos contactos, sempre coas debidas garantías de protección de datos.

Se a incidencia se producise no centro a comunicación sería á inversa. De xeito inmediato o titor/a da escola chamará á familia para que se presenten á maior brevidade posible a buscar ao seu fillo/a. A familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica.

O coordinador COVID contactará coa Consellería a través da aplicación “EduCovid”, específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados e co CSC. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algun alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo Covid do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a , entre eles os compañeiros de aula, os máis próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo. O rastrexo doutro ámbitos, incluídos as actividades extraescolares terán que ser recollidos polo CSC.
- A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a Xefatura territorial da Consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible coa Covid 19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.



- No caso de que o CSC teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluírá a información na aplicación informática onde solo resultará visible para o equipo COVID do centro escolar.
- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministradas á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.
- O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

Id. Medidas xerais de protección individual

11. Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducible nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

Somos todas as escolas do CRA grupos estables de Convivencia cuxos membros, segundo o Protocolo enviado pola Consellería de Educación e de Sanidade o alumnado poderá socializar e xogar entre eles sen ter que manter ningunha distancia de seguridade de forma estrita.

Nas escolas unitarias, aulas unitarias de CRA, unidades e aulas de centros de educación especial e aulas de educación infantil cun número entre 5 e 10 alumnos poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable.

No resto das escolas que non cumpran este requisito faranse subgrupos de alumnado dun máximo de 5 alumnos/as para poder controlar mellor o material de grupo compartido para a súa posterior desinfección.

Nos debuxos adxuntos pódese ver a colocación das mesas pero aínda que haxa mesa do mestre/a é completamente inevitable que un mestre/a de infantil e primaria se desprace continuamente pola aula e estea pouco tempo na súa mesa.

Ver debuxos adxuntos.

12. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

NON FAI FALTA

Escola de Camporrapado.- 4º, 5º e 6º infantil.- 10 alumnos/as. Unha aula xeral e outra de usos múltiples

Escola de Sergude.- 4º, 5º e 6º infantil.- 18 alumnos/as. Unha aula xeral e outra de usos múltiples

Escola de Lestedo.- 4º, 5º e 6º infantil.- 12 alumnos/as. Unha aula xeral e outra de usos múltiples

Escola de San Xián 1.- 4º, 5º e 6º infantil.- 10 alumnos/a. Unha aula de Infantil, outra de Primaria, e 1 aula de usos múltiples no piso de arriba.

Escolade San Xián 2.- 1º e 2º de Primaria.- 14 alumnos. Explicado no anterior grupo.

Escola de San Fins.-4º, 5º e 6º infantil.- 11 alumnos/as. Unha aula xeral e outra de usos múltiples.

Contamos cun anexo á escola que poderemos empregar en caso de necesidade.

Escolade Sarandón.- 4º, 5º e 6º infantil e 1º e 2º de Primaria.-12 alumnos/as.

A sede do CRA, empregarase na súa totalidade, a parte da biblioteca tamén, para realizar as reunións do profesorado, cando fose necesario facelas presenciais.

13. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

En todas as escolas contamos con espazos diferenciados para o uso de PT e AL se fose necesario facer atención fóra da aula.



As mestras destas especialidades deberán empregar a máscara e a pantalla de protección facilitadas polo centro. Porase á súa disposición tamén guantes desbotables por si no caso de AL fose necesario empregar as mans para manter contacto coa boca do alumnado pertinente. En todas as escolas contarase tamén con produtos de desinfección, panos desbotables e con papeleiras de pedal pois facendo sopros e demais traballos coa lingua e a boca serán máis que necesarios
 Antes da clase e despois da clase as portas e xanelas deberán quedar abertas polo menos 15 minutos para a correspondente ventilación do espazo. E o alumnado e profesorado deberá facer limpeza de mans antes de entrar e saír das mesmas.

14. Titorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias)

Segundo indica o Protocolo mandado pola Consellería de Educación e Sanidade, nas reunións de titoría priorizarase a comunicación por teléfono ou videochamada.
 De non ser posible a súa realización telemática e ser considerado polo centro necesario, esta realizarase de xeito presencial na aula da titoría correspondente, previa cita e garantindo a distancia social. Todos os asistentes deberán levar máscara e farán a pertinente desinfección de mans.

15. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello...)

Poremos a disposición das familias todos os medios comentados con anterioridade: abalarmóbil, teléfono, whatsapp, videochamadas, páxina web do centro, nube e correo electrónico oficial.
 Co resto de persoas alleas ao centro priorizarase o contacto telefónico, videochamada ou correo electrónico oficial.
 Seguirase a empregar Abalarmobil para o acceso ás notas do alumnado, xustificación de faltas e achega de información oficial, como xa se viña facendo en anos anteriores.

16. Uso da máscara no centro

Se recomenda a todo o alumnado do Centro o uso da máscara na medida do posible como indica o protocolo enviado pola Consellería de Educación xunto ca de Sanidade.
 O alumnado de 1º e 2º de Primaria teñen a obriga de usa e traer unha segunda máscara de reposto cun estoxo específico paragardala en caso necesario, como no momento das merendas.
 O profesorado deberá usar a máscara obrigatoriamente e as pantallas de protección se o consideran necesario como pode ser na clase de A.L na que a mestra pode ter que sacar a máscara nun momento determinado e deberá estar protexida pola pantalla de protección.
 As familias non poden entrar na escola (neste período de nova normalidade), pero si durante o período de adaptación fíxese falta a súa entrada deberán usar a máscara obrigatoriamente ao igual que calquera outro persoal, do concello, da limpeza, telefonía...que tivese que entrar nas escolas.

17. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa

Este Plan será levado a Claustro, a Consello Escolar.
 Posteriormente será enviado á ANPA do centro.
 Colgarémolo tamén na Páxina web do Centro e o enviaremos tamén a Inspección para o seu coñecemento e revisión pois non estamos formados en prevención de riscos laborais nin somos expertos sanitarios para asegurar que estas medidas sexan correctas, escasas ou demasiado rigorosas.
 Os plans: adaptación e continxenci, poderán sufrir modificacións en función da evolución da pandemia e das novas instrucións que nos vaian mandando, tamén se poderán recoller as melloras e/ou rectificacións que no día a día vexamos que podemos implementar, sempre respectando o Protocolo base mandado pola Consellería de Educación e Sanidade
 Realizaremos reunións informativas na semana do 6 ao 8 de setembro en horario de tarde para procurar que asistan a maioría das familias.
 Se realizarán en cada escola para poder explicar ben este plan de adaptación a esta nova situación a todas as familias do CRA.



Id.	Medidas de limpeza
------------	---------------------------

18.	Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)
------------	--

O persoal de limpeza realizará as tarefas de limpeza e desinfección do seguinte xeito segundo indica o protocolo enviado pola Consellería de Educación xunto coa de Sanidade:

- Limparase polo menos unha vez ao día
- Terase especial atención nas zonas de uso común e de contacto máis frecuentes: pomos das portas, mesas, mobles, chans, percheiros, billas e cisternas e outros obxectos dos aseos (haberá material de desinfección ao alcance dos usuarios maiores de idade para ser usado voluntariamente as veces que o consideren oportuno.
- Limpeza e desinfección tamén das mesas de traballo dos mestres/as sempre que o vaia empregar outro persoal, ordenadores, tablets, portátiles, pizarras sempre ao rematar o seu uso.
- Logo de cada limpeza, os materiais empregados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.
- As papeleiras deberán quedar limpas e cos materiais recollidos, para evitar calquera contacto accidental.
- Ventilación frecuente das instalacións polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante o recreo e ao finalizar as clases: manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan pois deberanse aumentar a subministración de aire fresco.
- Cando un mestre/a preste asistencia no mesmo espazo a diferentes alumnos/as de xeito consecutivo(al, pt, orientador) desinfectaranse as superficies usadas e ventilarase a aula ou despacho polo menos 15 minutos antes e despois de cada sesión.
- Os panos desbotables empregados polo alumnado e profesorado para secado de mans, soarse, túsir...deberán ser desbotados nas papeleiras de pedal con bolsa que haberá en cada escola e todo o resto de material de hixiene persoal (luvas, máscaras etc... tamén) sendo todo isto considerado RESTO en canto as recollidas separadas que adoitamos facer nas escolas.
- No caso de que un alumno/a ou profesor/a presente síntomas mentres se atope no centro, será preciso illar o contenedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esta bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo con peche, para o seu depósito na fracción RESTO.
- Realizarase a correspondente limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo logo de que o alumnado ou profesorado que presentou síntomas teña abandonado o centro pois cada Concello ten un equipo específico para a desinfección nestes casos.

19.	Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)
------------	--

Acordamos con cada Concello e empresa de limpeza os horarios de limpeza nas distintas escolas: virán unha vez ao día todos os días da semana a partir das 14 horas, momento en que marchan os neno/as par as súas casas.

A sede do centro tamén será desinfectada pois é onde faremos algunha das nosas reunión e onde o Equipo directivo seguirá a realizar o seu traballo os mércores en horario de mañá.

20.	Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza
------------	---

Serán as que lles impoñan os dous Concellos e as empresas que se encargan da limpeza das escolas e da sede do centro.

Desde o centro sempre manteremos contacto cos Concellos e as empresas de limpeza por si notamos algunha deficiencia ou temos necesidade de intervención inmediata.



Todo o material empregado polas empresas aparece no listado de materias aconsellados por Sanidade. No caso de que o mestre proceda a limpeza ou desinfección de material será sempre seguido o protocolo de prevención, desbotando os panos empregados para a limpeza e empregando os produtos que para tal efecto haberá á súa disposición na escola.

21. Cadro de control de limpeza dos aseos

Ao ser escolas unitarias, de uso exclusivo para cada grupo de convivencia estable realizarase unha limpeza e desinfección diaria dos mesmos quedando material de desinfección e limpeza á disposición dos mestres/as.

Nunca se fixo un checklist de limpeza de aseos pola falta de necesidade. No momento en que notamos desde a escola que algo quedou mal ou falta por limpar inmediatamente poñémonos en contacto co Concello que avisa á empresa da limpeza.

Antes da pandemia se facía limpeza das instalacións e baños, dúas ou tres veces á semana e agora implementamos a todos os días en horario de tarde en canto marcha o alumando.

Neste momento son as propias empresas de limpeza as que adxuntan este checklist aos seus empregados.

22. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

Este protocolo recolle unha ventilación de polo menos 15 minutos antes do inicio das clases e sempre que a meteoroloxía o permita teremos as xanelas e portas abertas.

Son escolas individuais.

Abriranse polo menos, antes do inicio das clases, na hora da merenda (que se procurará facer no exterior e permitir así unha correcta ventilación e outra á saída da escola do alumnado) e en canto marche o alumnado ás 14:00.

Contamos desde o curso pasado con tres medidores de CO2 para facer un seguemento máis exhaustivo da ventilación das aulas, para poder mellorar este aspecto ao 100%. VER ANEXO2

23. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

Como indica o protocolo enviado pola Consellería, recoméndase que os panos desbotables que o profesorado e o alumnado empreguen para o secado de mans ou para o cumprimento da etiqueta respiratoria sexan refugados en papeleiras con bolsa ou contenedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados con pedal.

Haberá dúas papeleiras con pedal en cada escola para tal efecto.

Todo o material de hixiene persoal (mascaras, luvas de látex, etc..) deben depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un alumno/a ou mestre/a presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contenedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito en fracción resto. Realizarase a debida limpeza do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou mestre/a que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro.

O resto do refugallo que se poida crear na aula será desbotado como se facía normalmente.

Id. Material de protección

24. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro

A secretaria do Centro rexistrará o material COVID que se merque e empregue no Centro.

As facturas serán rexistradas a parte da facturación normal do centro para poder facer un seguimento do material eo custo do mesmo.

Farase tamén inventario do material entregado pola Consellería, cando chegue, co fin de saber de canto dispoñemos de partida para iniciar o curso escolar.

25. Determinación do sistema de compras do material de protección



O material de protección será mercado seguindo as indicacións dadas e en empresas que poidan certificar a calidade dos seus produtos. O ano pasado fixeramos petición de presupostos a tres empresas distintas de material escolar e a que mellor oferta nos presentou é á que lle estamos a solicitar o material.

Procuraremos tamén seguir as recomendacións e suxestións dos concellos e centros educativos da zona en cuestión de mercar en cantidade para poder conseguir os produtos con mellor prezo e calidade ante todo.

Esperaremos á primeira dotación da Consellería, pero por prevención teremos xa nas nosas escolas todos os materiais necesarios e máscaras de reposto para as aulas de illamento como para o profesorado pois a día 9 de setembro aínda non recibimos nada da Consellería. Habrá mascarar en todas as escolas, xel hidroalcohólico, sprays de desinfección, guantes de latex e panos desbotables.

26. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición

- A primeira remesa de material será entregado pola coordinadora do equipo COVID ou pola secretaria do centro pois as dúas pertencen ao equipo directivo co correspondente rexistro da entrega do mesmo.
- As/os titores das escolas deberán avisar con varios días de antelación para poder programar a súa entrega, pois sendo escolas rurais témonos que desprazar moitos quilómetros. Os martes, se temos reunión presencial na Sede do CRA poderase tamén facer acopio do material de desinfección e protección necesario, igual que os mércores pola mañá pois é horario de dirección, sempre co visto e prace da secretaria do centro que será quen leve o rexistro do mesmo.

Id. Xestión dos abrochos

27. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

- **Non** asistirán ao centro aqueles alumnos/as e docentes que teñan síntomas compatibles co COVID-19, así como os que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
- Se se sospeita que os síntomas compatibles se comezan a desenvolver no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do Sergas en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y Respuesta: “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, en virtude da mesma:
 - ✓ Levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica, tanto a quensufre os síntomas como a quen o acompaña no seu coidado, e contactarase coa familia, no caso de afectar ao alumnado. O familiar ou titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
 - ✓ Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:
 - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
 - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
 - máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
 - ✓ De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados



por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual

e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

- ✓ En caso de presentar dificultade respiratoria, chamarase ao 061.
 - ✓ En caso de que presentara síntomas un mestre/a, abandonara o seu centro de traballo protexido por unha máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo comunicará os datos do positivo ao EquipoCovid Escola e ao CSC e incluír á rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.
 - ✓ De confirmarse o positivo, o equipo COVID do centro escolar comunicará ao equipo COVID-Escola do centro de saúde de referencia.
- No suposto de aparición dun caso ou dunha sospeita tanto sexa de alumnado como de profesorado, a persoa coordinadora do equipo COVID incluír á na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen poida ser unha persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará unha alerta no CSC quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información.
 - A familia dun neno/a con sospeita de contaxio deberá solicitar consulta telefónica co seu pediatra para que se avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.
 - Tras a aparición dun caso confirmado da Covid-19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.
 - En función do número de contaxios, a autoridade sanitaria poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro escolar, o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”, e co “Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus Sars Cov-2 no ámbito educativo de Galicia”, cos seguintes supostos:
 - ✓ Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considérase contacto estreito a calquera alumno, ou profesional do centro educativo, que compartise espazo co caso confirmado a unha distancia menor de 2 metros ao redor do caso confirmado durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara, os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento.
 - ✓ As persoas que teñan a consideración de contacto estreito da persoa con diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, ata que obteñan o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para poder identificar ás persoas que teñana unha posible infección por COVID-19.
 - En función da intensidade e virulancia do gromo, así como do número de persoas afectadas a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena da totalidade das persoas que conforman unha aula, aulas ou de ser o caso, da totalidade do centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia, previsto no punto 10.1 deste protocolo.
 - A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de DECLARACIÓN OBRIGATORIA que implicará por parte da Autoridade Sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
 - A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos .
 - Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, ou centro, realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.



28. Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)

A persoa encargada de comunicar as incidencias á autoridade sanitaria será a directora e coordinadora do equipo COVID-19 e na súa ausencia a Secretaria do centro, membro tamén do Equipo COVID.

Id. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade

29. Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)

As persoas con enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade crónica severa, obesidade mórbida (IMC+40), embarazo e maiores de 60 anos, realizarán o seu traballo sempre que a súa condición clínica esté controlada e o permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. (O Ministerio de Traballo e Economía Social considera o escenario de baixa probabilidade de exposición). As medidas de Prevención Hixiene e Promoción da Saúde fronte a COVID-19 do Ministerio de Educación de data 22.06.2020 taxativamente manifesta: o persoal docente deberá permanecer no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal especialmente sensible e que non poida ser protexido no seu posto de traballo mediante as medidas establecidas neste protocolo ou ata que se atope, se fose o caso, nunha situación de incapacidade temporal.

Procedemento a seguir para a avaliación da súa saúde en relación co COVID-19, indicado pola Consellería seguindo o ANEXO II:

1. A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro onde presta servizo, na que se exprese que concorren causas para considerar o/a mestre como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible (anexo III)
2. A dirección do centro emitirá, por cada solicitante un informe no que se indiquen as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo, e determinación das medidas de protección existentes. (anexo IV)
3. A dirección do centro remitirá cada día en que existan solicitudes, unha relación das peticións de valoración da sensibilidade do mestre e do posto, xunto cos informes emitidos á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación da Coruña.
4. A inspección médica educativa analizará a petición achegada e solicitará mediante correo electrónico ao mestre/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación do posto de traballo ou a declaración de persoal como sensible. Coa análise desta documentación e da relativa aos posibles riscos existentes no centro de traballo da persoa solicitante, o facultativo emitirá o informe.
5. A inspección médica poderá solicitar un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Consellería de Educación, quen a súa vez, o recadará do servizo sanitario preventivo contratado. Esta actuación non suporá o desprazamento nin do mestre nin do facultativo e realizarase a través da análise da documentación que aquel lle achegue. Será obrigatorio para o mestre/a achegar toda a documentación requirida polo servizo sanitario nun **prazo máximo de 3 días hábiles**; no caso contrario entenderase que desiste da súa petición.
6. Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o mestre/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.

Id. Medidas de carácter organizativo

30. Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse graficar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)



Nas nosas escolas contamos con 18 alumnos/as máximo por aula. Somos unha única aula nunha única escola, agás en San Xián na que hai dúas aulas. As entradas e saídas faranse pola mesma porta, en San Xián abriranse as dúas portas e Infantil entrará pola porta dereita e Primaria entrará pola porta esquerda.

O/a mestre/a estará na entrada para recibir ao alumnado de Ed. infantil ás 9, que poderá vir acompañado dun familiar durante o período de adaptación (que virá obrigatoriamente con máscara). O alumando de Primaria xa entra so desde fora da porta da escola.

Deixarán as súas mochilas e pertencencias(as menos posibles) no seu percheiro e entrará ao aula previa desinfección de mans con xel hidroalcolico baixo a revisión do mestre/a que esté na porta. As familias irán agardando no exterior do centro, gardando as distancias de seguridade, o seu turno de entrada para evitar aglomeracións.

As saídas faranse igualmente escalonadas, (como xa viñamos facendo), coidando que o alumnado non se quede no recinto xogando e saian directamente ao exterior do recinto como indica o Protocolo enviado pola Consellería de Educación e Sanidade.

31. Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)

Temos unha única porta para entrar e saír. No centro educativo ao ser grupos de convivencia que non comparten espazo con ninguén máis, non haberá que ter coidado nos desprazamentos e circulación no centro educativo, pois maioritariamente van ao baño ou saen ao recreo. Unicamente teremos especial coidado en que non se formen agrupacións, saian e entren de un en un e usen o baño de un en un tamén. Se tivesen que moverse ao piso de arriba(na escola de San Xián), ao de abaixo(na escola de Camporrapado) ou a dos lados (no resto das escolas), para realizar algunha actividade, sesión de A.L ou P.T.E.F ou taller, irían sempre acompañados do mestre/a en fila e realizando lavado de mans antes de entrare ao saír da clase..

32. Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)

En todas as escolas, nas portas haberá colgada cartelería sobre prevención, lavado de mans, correcto uso da mascarilla, normas de hixiene respiratoria, ao igual que no interior das escolas.

Nos suelos teremos marcadas con franxas ou pegadas as distancias de prevención que deberemos manter nasentradas do alumnado.

Nos baños colocaremos tamén cartelería adaptada ao noso alumnado para recordarlles a correcta hixiene de mans.

33. Determinacións sobre a entrada e saída de alumnado transportado

Non temos transporte

34. Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)

Todo o profesorado está encargado da vixilancia en todo momento do alumnado, tanto mestres/as titores/as como especialistas, nas entradas, saídas, nos recreos, procurando en todo momento cumprir e facer cumprir as medidas de protección e recordarlle ao alumnado de forma continuada a necesidade de lavar as mans con asiduidade, tuser na cara interna do cóbado, non berrar nin meter as mans na boca, empregar axeitadamente a máscara e manter a distancia de seguridade na medida do posible.

O profesorado especialista, en función do seu horario, fará garda de recreo nas escolas nas que teña docencia antes ou despois do mesmo.

Id. Medidas en relación coas familias e ANPA



35. Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)

Non temos

36. Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola Anpa ou o Concello, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “Plan de adaptación á situación Covid-19 no cursos 2020-2021”. O dito protocolo determinará as medidas de prevención protección ante ao COVID-19 e determinará con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras.

Asignaranse postos fixos ao alumando para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar e de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

O noso centro adoita prestar algunha das instalacións para a realización das mesmas cando así o solicitan, que non é sempre. Cando esto suceda, poñerémonos en contacto tanto coa Anpa como co Concello para coñecer as medidas de seguranza e o protocolo a seguir sobre todo de limpeza e desinfección despois da actividade para poder realizar a nosa actividade lectiva ao día seguinte con total seguridade para o noso alumnado.

37. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

As xuntanzas da Anpa celebraranse preferiblemente de forma telemática e evitando en todo caso a xuntanza que supoña un número elevado de persoas.

O Consello Escolar reunirase preferentemente de xeito telemático tal e como indica o Protocolo enviado pola Consellería de Educación e de Sanidade.

Nas reunións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto.

38. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

As titorías realizaranse por teléfono ou videochamada. No caso de ter que facer algunha reunión presencial a xuízo do titor/a ou da dirección do centro procederase seguindo as normas de protección e seguridade xerais: uso obrigatorio de máscara, colocación de mesas de separación para garantir a distanciamiento de seguridade de 1.5 metros e desinfección con xel hidroalcohólico, tal e como indica o Protocolo enviado pola Consellería de Educación e de Sanidade.

39. Normas para a realización de eventos

Non realizaremos excursións ,saídas nin actividades grupais no que se poidan mesturar os grupos de convivencia estable.

Os festivais que adoitamos realizar polas tardes en Nadal, Entroido e Fin de curso, suspéndense ata novo aviso.

As celebracións realizaranse a nivel de escola como grupo estable de convivencia.

Sí poderán acceder ao centro de xeito excepcional, cun seguimento exhaustivo do protocolo e das medidas de seguridade do centro obradoiros e talleres que consideremos sexan de moito interese para o noso alumnado.

Sempre se rexistrará a entrada do persoal alleo ao centro e se ventilará antes e despois da actividade.

Id. Medidas para o alumnado transportado

40. Medidas (establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado, de ser o caso, criterios de priorización para o uso do transporte)

Non temos alumnado transportado.

Id. Medidas de uso do comedor



41.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)
Non temos comedor.	

42.	Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)
Non temos.	

43.	Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)
Non temos.	

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
------------	---

44.	Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)
------------	--

Os únicos espazos a maiores nas nosas escolas son as aulas de usos múltiples nas que se imparten as clases de E:F ou psicomotricidade cando chove, alternativa ou valores, talleres ou actividades puntuais, e nas escolas de Lestedo e San Xian, empregamos tamén os despachos para o uso de mestra de A.L/P.T cando teñen que facer traballo específico co alumnado.

Estas aulas empregaranse coas seguintes medidas: Ventilarse 15 minutos antes de acceder a elas e ao saír, hixiene de mans antes de entrar e ao saír, desinfección do material empregado por parte do mestre/a e coa axuda do alumnado posto que é moi pequeno para responsabilizalos a eles/as completamente deste acto pero intentando conciencialos da importancia da limpeza dos elementos comúns e a súa hixiene.. Evitarase sempre que os alumnos/as estean encarados a unha distancia inferior a un metro.

Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula e minimizaremos o uso do material sempre previa desinfección antes e despois do seu uso.

45.	Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)
------------	---

No caso de E.F ou psicomotricidade o uso da máscara será obrigatorio agás que se realice no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros.

Procurarase que a clase sexa no exterior sempre que o clima. Cando se empreguen materiais compartidos procurarase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso e a realización de hixiene de mans.

Se temos que realizar a clase na aula de usos múltiples por ter mala climatoloxía no exterior coídarase especialmente o uso da máscara por ser un espazo reducido e con ventilación reducida.

Ventilarse antes de acceder a elas e ao saír, hixiene de mans antes de entrar e ao saír, desinfección do material empregado por parte do mestre e coa axuda do alumnado posto que é moi pequeno para responsabilizalos a eles/as completamente deste acto pero intentando conciencialos da importancia da limpeza dos elementos comúns e a súa hixiene.

Evitarase a formación de grupos e no seu defecto manteranse os subgrupos de convivencia das escolas.

Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os subgrupos colaborativos formados na aula

46.	Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)
------------	--

Sendo grupos de convivencia que conviven nun espazo único para eles/as non deberamos ter protocolo para este desprazamento máis que o que temos xa normalmente: acompañados sempre polo mestre/a, hixiene de mans, desprazamento en fila do alumnado e sen berrar e redución do aforo nos aseos a unha persoa cada vez.



47. Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

O uso da biblioteca no noso centro ten un carácter especial, pois está situada nun edificio apartado das escolas á que as familias teñen que desprazarse a propósito de querer acudir a ela, polo que normalmente facemos empréstito nas aulas.

Debido a esta situación, propomos que o empréstito sexa exclusivamente na aula para evitar ter que desinfectar especificamente polo persoal de limpeza do concello, que se tería que desprazar especificamente á sede ata a biblioteca cando vaia unha familia.

As mochilas viaxeiras poderán seguir viaxando polas casas

48. Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

Sendo os aseos de uso exclusivo para o grupo estable de convivencia establecerase como medida de protección hixienizar as mans antes de ir e á volta(non fai falta xel hidroalcohólico se non un correcto lavado de mans.

Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.

O protocolo indica reducir o aforo ao 50% da súa capacidade polo que por norma xeral para todas as escolas o aseos usarase dexeito individual, podendo estar unha persoa soa de cada vez.

O profesorado contará con material de desinfección á súa disposición.

No caso de ter que acompañar ao alumnado ao aseos, pois son maioritariamente de Ed. Infantil, o profesorado deberá portar as proteccións individuais axeitadas: máscara e guantes de látex, a pantalla será de uso voluntario.

Os aseos serán desinfectados exhaustivamente todos os días polo persoal de limpeza asignado polo Concello correspondente.

En caso de que notásemos algunha irregularidade nesta limpeza poríámonos inmediatamente en contacto co Concello para remediar o antes posible esta situación.

Id. Medidas especiais para os recreos

49. Horarios e espazos (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

Os espazos dos nosos recreos en horario lectivo, serán de uso exclusivo para o grupo de convivencia desa escola.

A única norma como indica o protocolo enviado pola Consellería de Educación e Sanidade será o coidado e vixianza da distancia de seguridade eo non agrupamento do alumnado nas distintas zonas de xogo.

Promoverase e intentarase que se faga sempre no exterior solicitando ás familias, botas e chubasqueiro se fose necesario de xeito xeral para todas as escolas.

50. Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

O profesorado de vixilancia será o que está na escola: o titor/a e o especialista ou apoio que coincide no recreo por ter clase antes do mesmo ou despois. Na escola de San Xián, ao ter as dúas aulas xúntanse 24 alumnos/as no recreo, gardando estas medidas de protección indicadas anteriormente poderán compartir recreo.



Id. Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria

51.	Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)
	<ol style="list-style-type: none"> 1. Todas as nosas escolas son grupos estables de convivencia. Polo que segundo o protocolo enviado pola Xunta, os seus membros poderán socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. 2. Nas escolas unitarias, aulas unitarias de CRA, unidades e aulas de centros de educación especial e aulas de educación infantil cun número entre 5 e 10 alumnos poderán establecer un único grupo colaborativo que coincidirá co grupo de convivencia estable. Faremos nas restantes aulas, subgrupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos) para mellorar a trazabilidade dos contactos. 3. Sempre que sexa posible usarán a máscara o alumnado de infantil e o de 1º e 2º o fará de xeito obrigatorio levando unha máscara de repostro nun estoxo específico para gardala en caso necesario. (No caso de ter algunha dificultade para levar máscara deberá ser acreditado polo pediatra ou facultativo) 4. Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico (evitar tocarse ollos, nariz e boca; hixiene e lavado de mans; tusir na cara interna do cúbado e lavar as mans posteriormente ou empregar un pano desbotable que se tirará na papeleira de pedal despois do seu uso; manter a distancia social recomendada na medida do posible; uso axeitado da máscara) Debe terse en consideración que o uso do xel hidroalcolico en idades temperás pode supor o risco de que metan inmediatamente os dedos na boca polo que os dispensadores non deberán ser alcanzables e accesibles sen supervisión. 5. Aconséllase eliminar xoguetes ou obxectos que non sexan estritamente necesarios e empregaranse os que sexan de fácil desinfección. 6. O uso dos recantos poderanse usar por subgrupos colaborativos coa correspondente hixiene de mans antes de despois de estar no mesmo. 7. Procurarase que o material do alumnado se empregue de xeito individual, e que teña cada un o seu espazo na aula para as súas cousas, evitando que os demais as utilicen na medida do posible. Cada alumno terá o seu propio estoxo co material de uso habitual: lápiz, goma, cores... 8. Ordenadores, tablets, levantamento de persianas, acendido e apagado de luces... será realizado só pola persoa titular. En caso de que fose realizado por outra persoa deberá ser posteriormente desinfectado. 9. A merenda realizarase de xeito individual ou nos subgrupos colaborativos. De ser posible realizarase no patio exterior sempre que o tempo o permita. 10. Recoméndase que o profesorado utilice a máscara continuamente non só pola súa función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante. Poremos tamén a disposición do profesorado pantallas de protección para o seu uso cando o consideren oportuno e guantes tamén para cando se considerase necesario. 11. O persoal docente e as familias na casa deberán realizar unha auto-enquisa diaria de síntomas, antes de vir á escola. Non hai que cubrila nin mandala ao centro. Se houbese sintomatoloxía compatible, cun só indicador positivo, non acudirán ao centro educativo, chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a algún dos membros do equipo COVID. (Anexo 1 Modelo enquisa). Cando sexa necesario empregar material común, procurarase facelo nestes subgrupos colaborativos, previo lavado de mans e desinfección unha vez rematado o seu uso. 15. Aniversarios: Eliminaranse os biscoitos e tartas comunitarias e procurarase que todo sexa de uso individual.



52. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

- As actividades a realizar aínda que somos un grupo estable de convivencia, procuraremos que sexan de carácter individual na medida do posible evitando o gran grupo ou a interacción de todos con todos na que controlar os movementos do alumnado faise máis complicado, polo que procuraremos manter os subgrupos colaborativos no recreo e na hora da merenda.
- Poderanse facer actividades evitando o uso de gran cantidade de materiais, pois despois haberá que desinfectalo e sempre procurando que os materiais sexan de fácil desinfección, evitando así o uso de madeiras e papeis.
- Actividades tipo: xogos populares, circuítos de psicomotricidade, mariotas, turnos de coidado da horta...
- As merendas serán individuais evitando os talleres de cociña na que todos tocamos todo e comemos do de todos. Procuraremos merendar no exterior no patio e de non poder facelo por mor da meteoroloxía manteremos os subgrupos colaborativos.
- Antes de merenda, como se viña facendo sempre, lavaranse as mans con auga e xabón.
- Preferiblemente, a merenda realizarase no patio, se o tempo o permite, e aproveitaremos este momento para a ventilación da aula.
- Sendo alumnado de tan curta idade, os de 4º de infantil poderán seguramente necesitar axuda polo que o mestre/a deberá empregar mascarilla e guantes de látex.

Id. Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres

53. Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizárase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)

Nos non temos laboratorios e talleres propiamente ditos, unicamente as clases de E.F e Música que se poden dar nas aulas de usos múltiples e xa está regulado o seu uso neste protocolo.

Id. Medidas específicas para alumnado de NEE

54. Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

Este ano priorizaremos a atención, como fixemos sempre ao alumnado con informes e os que estén cursando primaria. Procuraremos na medida do posible facer un seguimento e atención máis exhaustivo deste alumnado pois debido ás súas características, o seguimento telemático é moi complicado para eles.

En principio o alumnado con NEAE do noso centro é completamente autónomo, polo que deberase manter con eles as mesmas medidas de hixiene e protección que co resto do alumnado.

O departamento de orientación colaborará co equipo covid do centro na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado e profesorado que o atende precisen para a mellor atención posible

55. Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)



A principio de curso realizaremos unha reunión de departamento para regular a atención a este alumnado para a mellor organización e reparto de horas de docencia e traballo específico con eles/as. Priorizaremos a atención a alumnado con NEAE, o resto das intervencións que se facían desde a especialidade de A.L, serán estudadas para un mellor aproveitamento desta especialidade que na nosa etapa tanta falta fai, sempre tendo en conta as medidas de seguridade, prevención e protección para o alumnado e o profesorado.

A mestra de A.L e P.T contarán con material de protección específico, como mascarillas Ffp2 e guantes de látex pola proximidade e traballo de contacto que teñen que facer co alumnado, sobre todo a mestra de A.L, que incluso emprega os dedos para metelos na boca do alumnado e sinalarlle onde ten que colocar a lingua

Id. Previsións específicas para o profesorado

56. Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

Na sala de profesorado da sede do CRA en Lestedo caben 11 persoas mantendo a distancia de seguridade, sentadas e sen moverse. O primeiro claustro de curso realizarase de xeito presencial nun baixo solicitado ao Concello para este efecto aínda que non conte con boa sonoridade.

Atendendo ao que indica o protocolo da Consellería: Os centros educativos promoverán que as reunións de coordinación e aquelas outras actividades non lectivas sempre que sexa posible, se realicen de forma telemática. Todas as outras reunións que temos previstas podemos facelas telemáticas prioritariamente pois teríamos que na mesma hora facer varios grupos e entón é imposible manter as distancias de seguridade e traballar seguindo o protocolo.

Todos os mestres/as teñen o Cisco webex activado e funciónanos perfectamente, polo que podemos facer os grupos de traballo perfectamente desde o ordenador.

Estas reunións faranse os martes pola tarde no horario estipulado para elo: de 16 a 18 horas, horario recollido no DOC do centro.

En caso de necesidade e previa coordinación poderanse realizar reunións na sede dos equipos e comisións do centro.

O equipo directivo ten horario de dirección os mércores de 9 a 14 horas e realizará o seu traballo desde a Sede do Centro pois podemos manter perfectamente as distancias de seguridade.

57. Órganos colexiados (o centro incluírá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Os órganos colexiados: Claustro e Consello Escolar reuniranse preferiblemente, como indica o protocolo mandado pola Consellería de Educación e Sanidade, de xeito telemático como viñemos facendo no segundo e terceiro trimestre do pasado curso, vía Cisco Webex.

No caso de Claustro, o realizaremos o noso primeiro claustro presencial solicitando un baixo ao Concello.

O resto de reunións realizaranse telemáticas, garantindo sempre a identidade dos membros que participen nas mesmas, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto.

En posteriores ocasións se tivesemos que facer algún claustro presencial solicitaremos ao Concello de Boqueixón poder empregar unha estancia do Centro Sociocultural para poder realizalo.

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

58. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

Ao longo de todo o curso e de xeito transversal realizarase este traballo de formación en educación para a saúde:



- O equipo COVID proporcionará información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos mestres/as, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- Enviarase información ás familias, mantendo unha canle de comunicación dispoñibles para a solución de dúbidas que poidan xurdir.
- Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomente o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.
- Deseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. Traballaremos como ata o de agora a saúde de forma integral.
- Participamos no Plan Proxecta: Xogade para potenciar a inclusión da actividade física no día a día e ao longo da vida e continuaremos neste sendo coa participación no programa de Leite e Froita na escola do FOGGA.
- Participaremos nas actividades de teleformación que impartirán Sanidade e o Sergas sobre as medidas xerais de protección e e prevención, do Plan de formación do Profesorado.
- O noso Pfpp contará cunha liña obrigada novamente sobre o Plan Dixital de Centros.

59. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

Toda a información sobre medidas de prevención e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e Educación, e a colaboración co Centro de Saúde de referencia para charlas, actividades ou o que consideren oportuno facernos chegar será transmitido a toda a Comunidade Educativa tanto a través da nosa Páxina Web, abalarmóbil, como nos grupos de whatsapp do cole no que participan todas as familias e o profesorado, como o blog e o correo corporativo do centro.

60. Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

O noso centro imparte o segundo ciclo de Ed. Infantil e 1º e 2º de primaria. A recomendación para uso de aula virtual polo Amtega nun correo enviado ao Centro é a partir de 3º de primaria. Nos seguiremos a empregar a nosa Páxina web como fixemos o curso pasado e a nova nube, previa organización de tarefas e informacións como viñemos facendo ata o de agora.

Temos un equipo Tics en centro encargado do mantemento da páxina web, blogs e da Nube do centro. Tamén creamos os vídeos das actividades grupais das escolas e as publicamos igual que a revista. Todo o profesorado recibiu o ano pasado unha formación minuciosa no emprego da páxina web encanto ao relacionado coa subida de tarefas e organización do seu espazo na mesma por parte de membros do equipo Tics do centro.

Todo o profesorado do centro amosou unha actitude de superación en todas e cada unha das situacións que se foron presentando, polo que non me cabe a menor dúbida de que vai seguir sendo así, e que a onde un non de chegado, outro vai vir a axudalo para poder facer ben todo aquilo que nos propomos como claustro e equipo.

Pola nosa idiosincrasia non podemos ser Abalar nin Edixgal.

Todos nos axudamos en todo e todo o profesorado ao estar en escolas distanciadas por moitos quilómetros mantemos contacto coa UAC, por necesidade física de poder acceder aos equipos.

O noso Equipo Tics é o seguinte:

NOME	CARGO



Mª Elena García Iglesias	Mantemento da Nube, abalarmóbil.. Páxina web...blog...contacto con Amtega e grupos de whatsapp
Marta De Dios Recamán	Mantemento blog Rukutrú
Raquel García Fraga	Mantemento páxina web e do Facebook
Sabela Sanmartín Castro	Coordinadora/ Mantemento do blog Rukutrú

61. Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)

O equipo directivo ten elaborado o Plan de Acolida que será publicado coa maior brevidade posible para que toda a Comunidade Educativa poida organizar o mes de setembro e saiba por onde empezar ou como imos intentar que se desenvolva o comezo de curso, pois sempre estaremos abertos as modificacións precisas e necesarias para o beneficio e benestar do noso alumnado, familias e profesorado.

Neste documento aparecerán as datas e horario de reunións coas familias que este ano serán telemáticas ou presenciais se conseguimos un espazo adecuado. Ao igual que o horario de adaptación do mes de setembro que seguirá as instrucións mandadas pola Consellería para o inicio de curso ao igual que o calendario escolar publicado no DOGA.

63. Difusión do plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

Este plan de adaptación á situación COVID-19 farase público na páxina web previa revisión no Claustro e Consello Escolar do Centro para a súa posterior publicación na páxina web e envío a Inspección para que algún membro da Consellería de Sanidade e Educación lle de o visto e praxe en función dos seus coñecementos para con este protocolo e os contidos que aquí aparecen seguindo sempre as indicacións enviadas por eles pois este equipo directivo non conta con formación en prevención de riscos laborais nin en Sanidade.